

PRAZAS PROFESORADO

RESOLUCIÓN REITORAL DO 28 DE OUTUBRO DE 2015 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR.

Esta Reitoría, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e o artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia de 13 de maio de 2004 (DOG de 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro de 2015 e co artigo 21 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2015, cos artigos 13 e 36 da Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 e a Oferta de Emprego Público de 2015, aprobada por Resolución do 18 de marzo de 2015 e modificada por Resolución do 26 de maio de 2015, despois da autorización da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, do 18 de febreiro e unha vez que se aprobou no Consello de Goberno do 27 de outubro de 2015, resolve convocar un concurso para a provisión das prazas vacantes de profesorado laboral contratado que se detallan no anexo I da presente convocatoria, dotadas no estado de gastos dos orzamentos da Universidade da Coruña, con suxeición ás seguintes bases:

1.- NORMATIVA

Este concurso rexerase pola normativa seguinte:

- a) O Capítulo I do Título IX da LOU
- b) O Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002).
- c) Os Estatutos da Universidade da Coruña.
- d) A Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de profesorado contratado doutor, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 30 de abril de 2014.

2. REQUISITOS DOS CONCURSANTES

Para concursar ás prazas que se convocan, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español/a, nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.
- Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros Estados cando así se preveza nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.
- Os/as nacionais de Estados distintos dos indicados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e ser contratados/as, sempre que se atopen en España en situación de legalidade e sexan titulares dun documento que os habilite para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.
- b) Ter cumprido os dezaaíto anos e non ter cumprido a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de doutor/a. No caso de títulos obtidos no estranxeiro deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.

d) Ter recibido a avaliación positiva da súa actividade por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) ou de calquera outro órgano de avaliación que determinen as leis doutras Comunidades Autónomas, sempre que exista un convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia; ou ben reunir as condicións que determinan a cualificación automática para ser contratado nesta figura.

e) Ter aboado as taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.
f) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impida o desempeño das funcións.
g) Non ter sido separado/a do servizo, nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, de 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades.

h) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.
Os requisitos f), g) e h) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

3.- SOLICITUDES

3.1. As solicitudes para participar no concurso axustarase ao modelo que figura como anexo II a esta convocatoria e dirixirase ao reitor da Universidade da Coruña, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3.2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares de Elvira ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE de 27 de novembro).

3.3. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán a súa solicitude cos seguintes documentos:

a) Copia do DNI ou documento equivalente. quen sexa aspirante, non posúa a nacionalidade española e teña dereito a participar deberá presentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo de quen sexa nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar separados de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Copia compulsada ou legalizada do título de doutora. Cando corresponda, deberá acompañarse da credencial de homologación ou recoñecemento profesional.

c) Xustificante do pagamento na conta corrente 0049-5030-15-2516011262, concursos-oposicións; Banco Santander Central Hispano da Coruña, da cantidade de 40,74 euros por cada praza a que se concursa, dentro do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso o pagamento suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma, perante o órgano expresado na base terceira. Gozará de exención de taxas, logo de xustificación documental as persoas con minusvalía igual ou superior ao 33%. Tamén estarán exentas do pagamento as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Así mesmo, gozará dunha bonificación do 50% da taxa, os membros de familias numerosas de categoría xeral. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da minusvalía ou do carné de familia numerosa segundo corresponda. Tamén estarán exentas as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria. Para beneficiarse da exención será requisito que non rexestasen, no prazo de que se trate, oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional. O certificado relativo á condición de demandante de emprego, cos requisitos sinalados, solicitarase na oficina dos servizos

públicos de emprego. Para acreditar as rendas deberá achegarse unha declaración xurada ou promesa escrita do solicitante. Ambos os dous documentos deberán xuntarse á solicitude.

(d) Fotocopia da credencial da avaliación positiva da súa actividade por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) ou de calquera outro órgano de avaliación que determinen as leis doutras Comunidades Autónomas, sempre que exista un convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia; ou acreditación de reunir as condicións que determinan a cualificación automática para ser contratado nesta figura.

4. PUBLICIDADE DAS RELACIÓNS DE CONCURSANTES

4.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días hábiles publicárase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, no taboleiro electrónico oficial da Universidade, nos taboleiros de anuncios da Rectoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web: http://www.udc.gal/pdi/concursos/concursos_contratacion/, con mención expresa do nome e apelidos e, se for o caso, das causas de exclusión.

4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión. Transcorrido este prazo, o reitor ditará resolución que declare aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados.

4.3. De acordo co previsto no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, de 26 de novembro, estas publicacións substituirán a notificación persoal ás persoas interesadas e producirán os mesmos efectos que a notificación persoal.

5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

5.1. De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada.

5.2. Ademais, formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días hábiles desde a notificación por parte da universidade, rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este membro actuará con voz e sen voto.

5.3. Segundo o art. 83 dos Estatutos da UDC, as comisións de selección do persoal docente e investigador contratado estarán presididas polo/a decano/a ou director/a do centro e formarán parte destas o/a director/a do departamento a que se adscriba a praza, que actuará como secretario/a, e tres membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso, nomeados polo Consello de Goberno a partir dunha proposta de cinco membros, realizada polo Consello de Departamento, sendo funcionario, polo menos, un deles.

De non existir número suficiente de profesores na área que reúna os requisitos sinalados no apartado 5.1, designaranse profesores das áreas afíns. No caso de persistir a insuficiencia, serán designados por sorteo profesores e profesoras das áreas con docencia no centro por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo.

Da mesma maneira, deberán nomearse os membros suplentes das comisións, en previsión dos supostos a que se refire o artigo seguinte.

5.4. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impida a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días hábiles, que conta desde a recepción da renuncia e procederase á substitución pola persoa suplente.

De calquera xeito, os membros das comisións en que se dea algunha das causas sinaladas no art. 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992 (BOE do 27 de novembro) deberán absterse de intervir e comunicaranllo ao reitor para a designación do/a suplente no prazo de tres días hábiles sinalado no parágrafo anterior.

5.5. Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo/a presidente/a da comisión ao reitor co fin de nomear o/a suplente no prazo de tres días hábiles.

5.6. A composición das comisións de selección publicarase na resolución que approve as relacións definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao concurso.

Os membros das comisións de selección percibirán as indemnizacións establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia.

5.7. Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

5.8. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente, segundo o disposto no art. 48 da Lei orgánica 4/2007, estar acreditado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios segundo o disposto na presente norma.

6.- ACTUACIÓN DA COMISIÓN

6.1. Unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes e a composición da comisión, o/a presidente/a desta procederá, no prazo de dez días hábiles, a convocala e constituíla. Para estes efectos considerase inhábil o mes de agosto.

Se por causa xustificada a comisión non se puidese reunir no referido prazo de dez días hábiles, que conta desde a publicación da relación definitiva, o/a presidente/a deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días hábiles seguintes, que publicará no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles.

6.2. Transcorridos os prazos antes indicados sen que se constituíla a comisión, o reitor procederá a nomear un/unha novo/a presidente/a.

6.3. A comisión actuará sempre no centro a que pertenza o/a presidente/a.

6.4. A comisión quedará validamente constituída coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que debe estar o/a presidente/a e o/a secretario/a.

6.5. Os acordos da comisión, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

6.6. No mesmo acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de avaliación que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade das persoas aspirantes.

A comisión publicará os criterios no taboleiro do centro. Así mesmo remitirá os Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade:

http://www.udc.es/pdf/concursos/concursos_contratacion/

Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada.

7. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

7.1. O presidente da comisión convocará aos concursantes ao acto de presentación nun prazo mínimo de 15 días e máximo de dous meses, que computa desde a publicación da resolución reitoral pola que se approve a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do tribunal.

7.2. No acto de presentación, que será público, os concursantes entregarán ao presidente a seguinte documentación:

- a. Historial académico, docente e investigador e, de ser o caso, asistencial-sanitario, por quintuplicado, así como un exemplar das publicacións e documentos acreditativos do consignado nel.
- b. Proxecto docente e investigador, por quintuplicado, que o candidato se propón desenvolver de lle ser adxudicada a praza a que concursa; o proxecto axustarase, se se fixasen na convocatoria, ás especificacións establecidas.

7.3. No acto de presentación, os concursantes recibirán cartas instrucións sobre a realización das probas deban comunicáraselles; así mesmo, determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos concursantes e fixarase o lugar, a data e a hora do comezo das probas.

7.4. As probas serán públicas e cada unha delas será eliminatória

7.5. A primeira proba consistirá na exposición oral dos méritos e do historial académico, docente e investigador e, de ser o caso, asistencial-sanitario, alegados polo concursante. Así mesmo, o concursante deberá presentar e defender o proxecto docente e investigador que desenvolverá no caso de lle ser outorgada a praza.

7.6. A exposición de cada candidato non poderá superar os 90 minutos.

7.7. Seguidamente, a comisión debaterá co candidato sobre os seus méritos, historial académico e investigador e sobre o proxecto docente e investigador presentado, durante un tempo máximo de dúas horas.

7.8. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao presidente un informe razoado de valoración dos méritos e do historial académico, docente e investigador e de, ser o caso asistencial-sanitario, así como o proxecto docente e investigador alegado e defendido por cada candidato.

7.9. A vista dos informes, a comisión procederá a unha votación, non sendo posible a abstención, para determinar o paso dos candidatos ás probas sucesivas. Non pasarán á seguinte proba os candidatos que non obtivesen, polo menos, tres votos favorables.

7.10. A segunda proba consistirá na exposición oral dun tema do programa presentado pola persoa candidata e elixido por esta de entre tres sacados a sorteo, durante un tempo máximo dunha hora. Seguidamente, a comisión debaterá co/a candidato/a sobre os contidos expostos, a metodoloxía que utilizará e todos aqueles aspectos que estime relevantes en relación co tema, durante un tempo máximo de dúas horas.

7.11. Os candidatos disporán dun tempo máximo dunha hora para preparar a exposición do tema.

7.12. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao presidente un informe razoado valorando os contidos e as metodoloxías expostas por cada uno dos candidatos.

7.13. A vista dos informes, a comisión procederá a unha votación, sen que sexa posible a abstención, para determinar o paso á terceira proba. Non pasarán á seguinte proba os candidatos que non obtivesen, polo menos, tres votos favorables.

7.14. A terceira proba consistirá na exposición oral polo/a candidato/a, durante un tempo máximo de noventa minutos, dun traballo orixinal de investigación realizado polo/a candidato/a. Seguidamente, a comisión debaterá co candidato todos aqueles aspectos que estimase relevantes en relación co traballo orixinal de investigación, durante un tempo máximo de dúas horas.

7.15. O candidato entregará ao presidente da comisión un resumo ou guión escrito, por quintuplicado, do traballo de investigación, ao facerse público o resultado favorable da segunda proba.

7.16. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao presidente un informe razoado valorando os contidos e a metodoloxía expostos por cada unha das persoas candidatas.

7.17. A vista dos informes, a comisión procederá á votación, sen que sexa posible a abstención.

8. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

8.1. Finalizadas as probas a comisión elaborará unha proposta de provisión que deberá ser aprobada por, cando menos, tres votos a favor. Os membros da comisión que voten en contra da proposta maioritaria terán que facer constar a motivación do seu voto.

8.2. A proposta incluíra unha relación de todos os candidatos que sexan considerados aptos para ocupar a praza por orden de preferencia para o nomeamento polo reitor.

8.3. Se a comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando detalladamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

8.4. A comisión publicará a proposta de resolución no taboleiro de anuncios do centro. Así mesmo remitirá esta ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade: http://www.udc.es/pdf/concursos/concursos_contratacion/ e concederáselles a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir da publicación, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

10.1. A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles no Servizo de Persoal Docente e Investigador (PDI) para formalizar o correspondente contrato.

10.2. A persoa candidata incorporárase na data de inicio que indique o seu contrato perante o/a director/a de departamento que o/a presentará ao/a decano/a ou director/a do centro. O/a director/a do departamento dará conta da incorporación á persoa titular da vice-reitoría con competencias en materia de profesorado.

10.3. No suposto de que o/a adxudicatario/a renunciasse á praza ou non chegase a presentarse para formalizar o contrato, o reitor procederá a asignar a praza ao/a seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura de novo concurso.

10.4 O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

10.- CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

9.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpor un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

9.2. A resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial da Universidade, nos taboleiros de anuncios da Reitoría e da Vice-reitoría do Campus de Ferrol e na páxina web: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/ Esta publicación substituirá a notificación persoal aos/as interesados/as e producirá os mesmos efectos, segundo o previsto no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

9.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o reitor ditará resolución e atribuiralle a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de xuligala ou, no caso de ser presentada reclamación, pola Comisión de Reclamacións, nos termos previstos no artigo 54 da Lei 30/1992

9.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

8.5. As reclamacións deberán ser dirixidas ao/a presidente/a da comisión e entregadas no rexistro do centro en que aquela actúe, no Rexistro Xeral da UDC ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992. No caso de presentarse a reclamación nun rexistro público alieo a esta universidade, o/a interesado/a deberá comunicalo á UDC por correo electrónico ou por Fax dirixido ao Servizo de Persoal Docente e Investigador. Os enderezos figuran na páxina web da Universidade.

8.6. Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o/a presidente/a da comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, para os efectos da resolución definitiva do concurso e formalización do correspondente contrato.

8.7. No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a comisión encargada de xuligar a praza trasladará o expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razoado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas e suspenderase a contratación até que recaia resolución reitoral.

A Comisión de Reclamacións deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción das actuacións ou expediente administrativo do concurso, e remitirá seguidamente o expediente ao reitor.

10.- OUTROS

A normativa pola que se rexe este concurso está a disposición dos/as interesados/as no Servizo de Personal Docente e Investigador (Rúa da Maestranza, nº 9) e na páxina web da Universidade:

http://www.udc.es/exportsites/udc/normativa/galeria_down/profesorado/seleccioncontroutor.pdf


Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE do 27 de novembro), modificada por Lei 4/1999 do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro).

A Coruña, 28 de outubro de 2015

P. D. do reitor (R.R do 16/01/2012)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente,

Gustave Rego Veiga





ANEXO I

REF. NUM. PRAZA	NUMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA
15/5001	1	Contratado/a Doutor/a	TEMPO COMPLETO (TC)	Biloxía Celular	Biloxía Celular e Molecular	Facultade de Ciencias	750G02005 Bioloxía	DOCTOR/A

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

PRAZA DE PROFESOR CONTRATADO DOUTOR

Sr. Reitor:

Unha vez que se convocou a concurso público a praza de profesor contratado doutor desa universidade que a continuación se indica, solicito ser admitido como aspirante para a súa provisión.

I. DATOS DA PRAZA OBXECTO DO CONCURSO.

Núm. de praza:	Categoría: Profesor Contratado Doutor	Data da convocatoria:
Departamento:		
Área de coñecemento:		
Actividades asignadas á praza:		
Centro:		
		Cidade:

II. DATOS PERSOAIS.

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
Data de nacemento:	Lugar de nacemento:	Provincia de nacemento:
		D.N.I.nº:
Enderezo:	Teléfono:	Correo electrónico
Municipio:	Código postal:	Provincia:

III. DATOS ACADÉMICOS.

Título	Centro de expedición	Data de expedición

Documentación que se achega

<input type="checkbox"/> Copia do DNI	<input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento	<input type="checkbox"/> Título de doutor compulsado
<input type="checkbox"/> Credencial da avaliación positiva do órgano externo	<input type="checkbox"/> Outros:	

D/Dª _____ solicita ser admitido ao concurso público para cubrir a praza de profesor contratado doutor que se indica e declara que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria para a provisión da praza.

En, _____ a _____ de _____ de 201 _____ (sinatura)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA